

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Fco. Javier
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rajó, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tome, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rguez.-Moldes, Covadonga

ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de decembro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 21 de decembro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de novembro de 2022.

M^a Consuelo Pérez Vázquez formulou dúas observacións para matizar as súas intervencións recollidas na acta, que foron admitidas pola Secretaría Xeral. Ante a ausencia doutras observacións formuladas en tempo e forma, o reitor propón que a acta se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

• DESENVOLVEMENTO DA LOSU

Espérase que saia en breve do relatorio, que se aprobe e que pase ao Senado antes de fin de ano. Aprobarase previsiblemente en marzo.

Quérese garantir o mínimo do 1% do PIB para as universidades, o que suporía 3000 M€ adicionais no sistema. Estanse traballando transaccionais para darlles máis peso ás comunidades autónomas, mellorar a internacionalización, equiparar as axencias autonómicas á ANECA e xestionar cartos privados coma unha asociación.

Pode haber cambios na elección da persoa que ocupe a reitoría (4+4?).

- **NOVO DECRETO DE ÁREAS E DEPARTAMENTOS**
Estase a traballar nunha listaxe de grandes áreas (só para os efectos de departamentos), fálase de pouco máis de 30 áreas. O novo decreto de departamentos establecerá números mínimos de 30-35 persoas (non é seguro se contabilizarán doutores ou persoas con estabilidade).
- **NOVIDADES RESPECTO AO ACORDO TRANSFORMATIVO CO IEEE.**
Alóngase ao mes de xaneiro para poder ler as revistas do IEEE.
Está mais preto o acordo CRUE-IEEE.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2023.

O reitor cede a palabra á xerenta para que expoña o punto.

CALCULO LIMITE GASTO PARA 2023

	2.022	2.023
TOTAL GASTO	198.616.372,00 €	227.915.618,00 €
TOTAL AFECTADO	-43.108.364,00 €	-65.153.004,00 €
TOTAL CAP. VIII E IX	-140.000,00 €	-854.508,00 €
TOTAL NON AFECTADO		
NON FINANCEIRO	155.368.008,00 €	161.928.106,00 €
MARGEN AUTORIZADO		
SOBRE EX. ANTERIOR	6,00 %	8,80 %
INCREMENTO AUTORIZADO	9.039.970,32 €	13.672.385,00 €
TOTAL TEITO DE GASTO		
NON FINANCEIRO	164.407.978,32 €	175.600.491,00 €

Apróbase por asentimento.

NOTA: Aprobado o punto, recibíuse nesta Secretaría Xeral comunicación da Xerencia reportando erro numérico nunha das diapositivas proxectadas, polo que se corríxe seguidamente (en vermello, a corrección):

CALCULO LIMITE GASTO PARA 2023

	2.022	2.023
TOTAL GASTO	198.616.372,00 €	227.915.618,00 €
TOTAL AFECTADO	-43.108.364,00 €	-65.153.004,00 €
TOTAL CAP. VIII E IX	-140.000,00 €	-834.508,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO	155.368.008,00 €	161.928.106,00 €
INCREMENTO AUTORIZADO	9.039.970,32 €	12.740.176,66€
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	164.407.978,32 €	174.668.282,66 €

4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2023.

O reitor cede a palabra á xerenta para que expoña o punto.

1. LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN ORZAMENTARIA 2023: MARCO

Condicionantes económicos e legais:

- Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro do 2022.
- Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:
- Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades
- Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo
- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad inanciera
- Lei orgánica de Universidades.
- Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad.

- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade Financeira.
- Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2023.

2. ORZAMENTO 2023

2.1. INGRESOS (RESUMO POR CAPÍTULO)

Capítulo	Afectado	Non afectado	Importe
3	420.000,00 €	16.686.138,00 €	17.106.138,00 €
4	13.065.363,00 €	131.505.520,00 €	144.570.883,00 €
5	0,00 €	210.000,00 €	210.000,00 €
6	0,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €
7	39.683.371,00 €	750.000,00 €	40.433.371,00 €
8	12.748.778,00 €	12.446.448,00 €	25.195.226,00 €
TOTAL	65.917.512,00 €	161.998.106,00 €	227.915.618,00 €

CAPÍTULO	2022	2023	% 23/22
III Taxas, prezos públicos	17.133.000	17.106.138	-0,16 %
IV Transferencias correntes	139.843.852	144.570.883	3,38 %
V Ingresos patrimoniais	230.000	210.000	-8,70 %
Ingresos correntes	157.206.852	161.620.768	2,81 %
VI Enaxenación de IR	400.000	400.000	0,00 %
VII Transferencias de capital	28.264.126	40.433.371	43,06 %
Ingresos de capital	28.664.126	40.833.371	42,45 %
VIII Variación de activos fin.	12.805.394	25.195.226	96,75 %
IX Variación de pasivos fin.	0	0	0,00 %
TOTAIS	198.676.372	227.915.618	14,72 %

CAPÍTULO	2022	2023
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	8,62 %	7,51 %
IV Transferencias correntes	70,39 %	63,31 %
V Ingresos patrimoniais	0,12 %	0,09 %
VI Enaxenación de Inversións reais	0,20 %	0,18 %
VII Transferencias de capital	14,23 %	17,74 %
VIII Variación de activos financeiros	6,45 %	11,17 %

2.2. GASTOS

CAPÍTULO	2022	2023	%23/22
I Persoal	122.361.464	134.968.199	10,30 %
II Gastos correntes	31.366.105	33.570.772	7,03 %
III Gastos financeiros	457.450	409.450	-10,49 %
IV Transferencias correntes	7.226.024	7.217.724	-0,11 %
V Fondos de continxencias	300.000	300.000	0,00 %
Operacións correntes	161.711.043	176.466.145	9,12 %
VI Investimentos reais	36.025.329	50.614.965	40,50 %
Operacións de capital	36.025.329	50.614.965	40,50 %
VIII Activos financeiros	140.000	70.000	-50,00 %
IX Pasivos financeiros	800.000	764.508	-4,44 %
TOTAIS	198.676.372	227.915.618	14,72 %

CAPÍTULO	2022	2023
I Persoal	61,59 %	59,22 %
II Gastos correntes	15,79 %	14,73 %
III Gastos financeiros	0,23 %	0,18 %
IV Transferencias correntes	3,64 %	3,17 %
V Fondos de continxencias	0,15 %	0,13 %
VI Investimentos reais	18,13 %	22,21 %

VIII Activos financeiros	0,07 %	0,03 %
IX Pasivos financeiros	0,40 %	0,34 %

RESUMEN POR CAPITULOS DO ORZAMENTO DE GASTOS 2023

Capítulo	Afectado	Non afectado	Importe Total
1	12.107.879,00 €	122.860.320,00 €	134.968.199,00 €
2	3.627.497,00 €	29.943.275,00 €	33.570.772,00 €
3	19.450,00 €	390.000,00 €	409.450,00 €
4	3.107.303,00 €	4.110.421,00 €	7.217.724,00 €
5	- €	300.000,00 €	300.000,00 €
6	46.290.875,00 €	4.324.090,00 €	50.614.965,00 €
7	- €	- €	- €
8	- €	70.000,00 €	70.000,00 €
9	764.508,00 €	- €	764.508,00 €
TOTAL	65.917.512,00 €	161.998.106,00 €	227.915.618,00 €

Como conclusión, a xerenta sinala o seguinte:

- Mantemento do equilibrio orzamentario a longo do ciclo económico dende 2012.
- A incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en diferentes eidos da Universidade.
- O cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.
- Emprego do remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados dos gastos.

Ana Isabel González Penín reitera as súas observacións xa formuladas noutros foros da Universidade, en particular na Comisión de Planificación, respecto da discriminación do PAS: falta o acordo de teletraballo, resolución de concurso de méritos, estabilización, etc. Moitas destas políticas veñen impostas legalmente. Debería facerse mención expresa a estas políticas respecto do PAS, igual que se fai en relación co PDI. O reitor entende que houbo un custo adicional respecto de políticas de PAS emprendidas na Universidade.

Marta Pazos bota en falta que se contemple o pago de trienios a persoas contratadas en distintas figuras, que o teñen recoñecido, e que fora xa aprobado na mesa correspondente, como recordou alí, figurando nos compromisos electorais. O reitor precisa o compromiso exacto, que está incluído nos orzamentos, e que o pagamento foi imposible por razóns técnicas, e que se pagará en xaneiro. Pide

desculpas pola situación creada. Marta Pazos precisa o que entende foi o compromiso acadado polo equipo de goberno, debatendo brevemente co reitor sobre concretos detalles. Marta Pazos aclara mellor a súa postura no chat: “Para o 2022 tiñamos o compromiso do pago do primeiro trienio con cargo os orzamentos da Universidade de Vigo a partires de xullo ...porque non había mais orzamento. Ademais aprobouse un compromiso para o 2023 do pago dos seguintes trienios. Eu preguntei na Comisión de Planificación á xerenta se tiña contemplado o pago destes trienios no orzamento e a xerenta dixo que o pago íase facer polos proxectos, por iso non estaba nos orzamentos.... a miña réplica é porque iso non estaba aprobado en ningunha mesa. Por iso a miña intervención”.

Álvaro López Mira fai unha pregunta sobre o orzamento de gasto previsto para os centros en relación coa Facultade de Dirección e Xestión Pública e pregunta pola razón de que un centro de nova creación se lle asignara un orzamento de 17.000 euros. Fai unha breve comparativa con outros centros. O reitor comprométese a impulsar un novo criterio de reparto. A xerenta aclara que non houbo tempo de facer unha revisión sobre os criterios de asignación e que se aplicou idéntico criterio ao ano pasado, en particular, en relación cos gastos de centros que comparten edificio. Cumpriría sentarse e pactar novos criterios de reparto. Álvaro López Mira insiste no chat: “gastos extraordinarios teñen todos os centros e poden acudir a recursos centralizados. Non falamos diso. Eu estou falando do necesario gasto ordinario que ten unha facultade a pleno rendemento e que, a todas luces, resulta insuficiente con menos dun terzo de provisión que outros centros semellantes. Por outro lado, aínda non se respondeu á pregunta de que criterios utilizou Xerencia para orzamentar ás facultades de nova creación e, concretamente, a de Dirección e Xestión Pública con 17.000€”. O reitor insiste en que, se houbo algún erro material, corrixiase de oficio. Pregúntalle se se refire aos gastos de 2022. Álvaro López Mira aclara que é respecto de 2023. A xerenta indica que se aplicou o mesmo criterio que o ano pasado, en particular, respecto de centros que comparten espazos, como sucedeu na Facultades de Deseño, Relacións Internacionais ou Dirección e Xestión Pública, pero poderá revisarse ao longo do ano, de ser preciso. Haberá xuntanzas a este respecto. Álvaro López Mira comenta que está disposto a non votar en contra dos orzamentos, se ve vontade de mellora a este respecto. O reitor agradece a intervención.

María José Ríos Santomé fala sobre concretos obxectivos que aparecen nos orzamentos e bota en falta mais alusións ao PAS. Pregunta en concreto pola expresión “PAS con talento”, para saber a que se refire. Entende que o previsto nos orzamentos para o PAS se refire a cuestións que xa están en marcha. Pensa que non se recolle nada sobre a carreira horizontal do PAS. Entende que falta compromiso con este sector. O reitor comenta que non se pode orzamentar a carreira horizontal dado que aínda non está negociada nin acordada, malia que está aberto a estas xestións, que serán complexas. Alude así mesmo ao plan estratéxico como inspiración dos orzamentos, e que pode servir para programas específicos de captación de talento en relación co PAS. Pide paciencia en relación coa adaptación aos novos programas informáticos. Yolanda Lesmes refírese a unha xuntanza do 25 de novembro sobre o seguimento do plan de financiamento do SUG, o que supuxo unha limitación para a redacción dos orzamentos, que tiveron que ser axustados, dada a súa incidencia nas políticas de persoal. Entende que hai que avanzar nas negociacións relativas ás condicións de traballo dos PAS. Os orzamentos non poden recoller neste momento a carreira profesional do PAS, o que non impide que se poida negociar de cara ao futuro. Os orzamentos non son unha declaración de intencións contra certos colectivos; simplemente, teñen as súas limitacións legais e financeiras. O reitor precisa o contido da proposta de teletraballo do equipo de goberno. María José Ríos comenta que se debe comezar a falar da carreira horizontal e a negociala canto antes e alude á súa intervención no Claustro a este respecto.

Francisco J. Rodríguez pregunta se houbo algún tipo de erro, en relación coa asignación do Grao en Intelixencia Artificial. A xerenta comenta que se dirixiu aos centros para que estableceran os gastos asignados, pero revisará por se houbo algún erro nos cálculos, dado que o tempo para elaborar os orzamentos foi limitado. Francisco J. Rodríguez comenta que a administradora de centro tomou unha decisión unilateral sen escoitar as peticións do centro. O reitor responde que se houbo algún erro material ou numérico, corríxirase.

Coral del Río agradece á xerenta a presentación dos orzamentos, malia que declara que Nós Universidade está preocupada polas contas a medio e longo prazo. Compara co que se orzamentou no 2018, ampliando a lente. Entende que as transferencias correntes dadas a Xunta aumentaron mais dun 20%. O problema é o uso que se fai e non se fai destes cartos. Pon en contexto os gastos de persoal, desde 2018 a 2023, que pasan do 91% ao 100,1% das transferencias correntes, incrementándose en mais dun 31%, malia que se incorporaron algúns gastos de investigación, pero teñen que ver principalmente co gasto de persoal. Desde Nós Universidade non están de acordo con estas cifras. O notable incremento de gasto de persoal debería servir para rexuenerar a plantilla de persoal, pero entende que non é o que está a suceder. Avanza o seu voto negativo.

Asemade, pregunta á xerenta pola inclusión da DA 2ª nos orzamentos, e da lectura á mesma (sobre unha autorización de empréstito para o reitor) e pensa que é importante que se aclare. O reitor comenta que se trata de dous modelos de Universidade, particularmente, en relación coa política de persoal, e que no caso do equipo actual aparece no programa. Síntese orgulloso destas políticas, por exemplo, recoñecendo a posibilidade de acceso á cátedra de todas as persoas que se acreditan, malia que, efectivamente, iso ten un custo, como tamén sucede co recoñecemento de trienios, subas salariais, programas de atracción de talento, etc. O reitor pensa que a base do plan de financiamento vaise incrementar e cre que a mellora da captación de talento redundará tamén no éxito en distintas convocatorias, como xa está a suceder, o que pode compensar a suba no custo de persoal. Con todo, concorda en que hai que seguir a traballar para que estas políticas de persoal se manteñan no tempo, en equilibrio coa presentación duns orzamentos serios. Respecta a opinión manifestada, pero non a comparte e adianta posibles liñas futuras que incluso poderán incrementar estes custos. Finaliza aclarando, respecto da DA 2ª, que non está previsto endebedamento algún. A xerenta aclara que, por norma, hai que prever todas as situacións que poidan darse, dado o carácter omnicompreensivo dos orzamentos, que teñen carácter xeral. Coral del Río, agradece esta última explicación, sempre que se garanta a información sobre as eventuais actuacións a este respecto, e entende que a súa labor é exercer a oposición e resalta a importancia dos seus argumentos manexados respecto dos orzamentos, dado que ás veces hai que elixir. O reitor agradece a intervención de Coral del Río.

Luís Pérez comenta que a equiparación salarial é unha realidade so respecto do PDI na Universidade. Lembra certas incidencias nos procesos de consolidación e funcionarización do PAS e a súa repercusión sobre a masa salarial. Respecto dos orzamentos deben acompañarse cos compromisos de goberno e pregunta sobre dous compromisos concretos, como é a análise de postos e o plan de formación do PAS, que entende é moi necesaria, que ve que se reduce de xeito considerable. Cóstalle entender que non estea o cadro de gastos anexo ao capítulo I, dada a súa importancia. Bota en falta a OEP do PAS, algo que non entende. Respecto dos gastos do capítulo I reflectido nos orzamentos indica unha falta de coincidencia e pregunta se se trata dun erro. O reitor comenta a situación da formación do PAS e sinala a falta de propostas, en moitas ocasións, por parte do PAS e pensa que a cifra destinada baixou á causa da execución real, posto que estamos ante uns orzamentos case de base cero. Lembra que segundo os Estatutos, agora os orzamentos dependen da xerencia, que se incorporou no mes de setembro. Alude a necesidade de negociación e acordo de cara adiante. Fai

unha referencia á situación da análise de postos, que a xerenta aclara, respecto da información e publicación, indicando que non hai problema en facilitalos á comunidade universitaria. A xerenta comenta o asunto da funcionarización, indicando que se acolleron ao acordo previsto. Lembra que o persoal fixo tivo que facer unha proba para acceder. Debate brevemente con Luis Pérez sobre este asunto. O reitor alude ás negociacións sobre a masa salarial, o que pode repercutir nas necesidades tanto de PDI como de PAS, agradecendo á intervención de Luís Pérez.

Ás 11:50 comeza a votación:

A favor: 38

En contra: 3

Abstención: 2

A xerenta agradece ao equipo que traballou nos orzamentos.

Apróbanse os orzamentos por maioría.

5. Aprobación, se procede, da proposta de aceptación de doazóns, para a súa elevación ao Consello Social.

O reitor cede a palabra á xerenta para que expoña o punto. Trátase dunha serie de 16 ordenadores doados polo Banco de Santander en relación coa súa aplicación

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo.

O reitor informa que decae este punto, dado que non foi aprobado no Claustro previamente.

O punto decae.

7. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2021 e 2022, e da creación de prazas correspondente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto.

A proposta ten informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 14 de decembro de 2022.

PRAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
1	Comercialización e Investigación de Mercados (A095)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	OURENSE
1	Botánica (A063)	Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo (C02)	OURENSE
1	Dereito Mercantil (A165)	Dereito Privado (X02)	VIGO
1	Didáctica da Expresión Corporal (A187)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Ecoloxía (A220)	Ecoloxía e Bioloxía Animal (C04)	VIGO
1	Economía Aplicada(A225)	Economía Aplicada (X06)	OURENSE
1	Economía Aplicada(A225)	Economía Aplicada (X06)	VIGO
1	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica (A505)	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06)	OURENSE
3	Enxeñaría Química (A555)	Enxeñaría Química (T04)	VIGO
2	Enxeñaría Telemática (A560)	Enxeñaría Telemática (T13)	VIGO
1	Expresión Gráfica na Enxeñaría (A305)	Deseño na Enxeñaría (T01)	VIGO
1	Física Aplicada (A385)	Física Aplicada (T08)	OURENSE
1	Física Aplicada (A385)	Física Aplicada (T08)	PONTEVEDRA
3	Física Aplicada (A385)	Física Aplicada (T08)	VIGO
2	Física da Terra (A398)	Física Aplicada (T08)	OURENSE
1	Fisioloxía Vexetal (A412)	Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo (C02)	VIGO
1	Fundamentos de Análise Económica (A415)	Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas (X08)	VIGO
1	Historia Contemporánea (A450)	Historia, Arte e Xeografía (H05)	OURENSE
1	Literatura Española (A583)	Literatura Española e Teoría da Literatura (H11)	VIGO
1	Máquinas e Motores Térmicos (A590)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO
1	Mecánica de Fluídos (A600)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO
2	Nutrición e Bromatoloxía (A640)	Química Analítica e Alimentaria (C07)	OURENSE
1	Organización de Empresas (A650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	VIGO
2	Química Física(A755)	Química Física(C11)	VIGO
1	Química Inorgánica (A760)	Química Inorgánica (C09)	VIGO
1	Química Orgánica (A765)	Química Orgánica (C12)	VIGO
1	Tecnoloxía dos Alimentos (A780)	Enxeñaría Química (T04)	OURENSE
1	Zooloxía (A819)	Ecoloxía e Bioloxía Animal (C04)	VIGO

36 prazas:

24 prazas OEP 2021

12 prazas OEP 2022

Apróbase a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2021 e 2022, e da creación de prazas correspondente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto.

A proposta ten informe previo favorable por asentimento na sesión da COAP do 14 de decembro de 2022.

PRAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
2	Botánica (A063)	Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo (C02)	OURENSE
1	Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica (A065)	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción (T05)	VIGO
3	Comunicación Audiovisual e Publicidade (A105)	Comunicación Audiovisual e Publicidade (X14)	PONTEVEDRA
1	Dereito Civil (A130)	Dereito Privado (X02)	OURENSE
1	Dereito do Traballo e da Seguridade Social (A140)	Dereito Público Especial (X13)	VIGO
1	Dereito Financeiro e Tributario (A150)	Dereito Público Especial (X13)	OURENSE
1	Dereito Penal (A170)	Dereito Público (X03)	VIGO
1	Didáctica da Expresión Corporal (A187)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Didáctica das Ciencias Experimentais (A205)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Educación Física e Deportiva (A245)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Enxeñaría Telemática (A560)	Enxeñaría Telemática (T13)	VIGO
1	Enxeñaría Agroforestal (A500)	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06)	PONTEVEDRA
1	Enxeñaría de Sistemas e Automática (A520)	Enxeñaría de Sistemas e Automática (T07)	OURENSE
1	Enxeñaría dos Procesos de Fabricación (A515)	Deseño na Enxeñaría (T01)	OURENSE
1	Lingua Española (A567)	Lingua Española (H10)	OURENSE
1	Máquinas e Motores Térmicos (A590)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos (T03)	VIGO
3	Mecánica dos Medios Continuos e Teoría das Estructuras (A605)	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción (T05)	VIGO
2	Organización de Empresas (A650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	OURENSE
1	Organización de Empresas (A650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	PONTEVEDRA
2	Organización de Empresas (A650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	VIGO
1	Química Analítica (A750)	Química Analítica e Alimentaria (C07)	VIGO
1	Química Física (A755)	Química Física (C11)	OURENSE



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1	Socioloxía (A775)	Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (X11)	VIGO
1	Xenética (A420)	Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía (C03)	VIGO

31 prazas:

4 prazas OEP 2021

27 prazas OEP 2022

Apróbase a proposta por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Contratado Doutor correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2022, e da creación de prazas correspondente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto.

Proposta con informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 14 de decembro de 2022 para prazas de profesorado contratado doutor interino:

PAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
1	Dereito internacional público e relacións internacionais (A 160)	Dereito público (X03)	VIGO
1	Didáctica da Lingua e a Literatura (A 193)	Didácticas Especiais (X05)	OURENSE
1	Enxeñaría Aeroespacial (A495)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	OURENSE
1	Enxeñaría Mecánica (A545)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO
1	Filoloxía Inglesa (A345)	Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá (H04)	PONTEVEDRA
2	Fisioterapia (A413)	Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde (C01)	PONTEVEDRA
1	Mecánica de Fluídos (A600)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1	Psicoloxía Evolutiva e da Educación (A735)	Psicoloxía Evolutiva e Comunicación (X10)	OURENSE
1	Tradución e Interpretación (A814)	Tradución e Lingüística (H12)	VIGO

10 prazas

Proposta con informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 14 de decembro de 2022 para prazas de profesorado axudante doutor:

PRAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
1	Filoloxías Galega e Portuguesa (A370)	Filoloxía Galega e Latina (H03)	OURENSE
1	Ciencia Política e da Administración (A070)	Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (X11)	PONTEVEDRA
1	Ciencia Política e da Administración (A070)	Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (X11)	OURENSE
1	Dereito do Traballo e da Seguridade Social (A140)	Dereito Público Especial (X13)	VIGO
1	Didáctica da expresión Corporal (A187)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Didáctica da expresión Plástica (A193)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Didáctica da Lingua e a Literatura (A195)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
2	Educación Física e Deportiva (A245)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica (A505)	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06)	VIGO
1	Expresión Gráfica na Enxeñaría (A305)	Deseño na Enxeñaría (T01)	VIGO
1	Organización de Empresas (A650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	VIGO
1	Tradución e Interpretación (A814)	Tradución e Lingüística (H12)	VIGO
1	Mecánica de Fluídos (A600)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO
1	Didáctica e Organización Escolar (A215)	Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación (X04)	OURENSE

15 prazas.

Apróbase a proposta por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes a Oferta de Emprego Público do ano 2021 para persoal investigador “Ramón y Cajal” con certificación I3, e da creación de prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto.

A proposta conta co informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 14 de decembro de 2022,

PAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS* (provisional)
1	Edafoloxía e Química Agrícola (A240)	Biología Vexetal e Ciencias do Solo (C02)	OURENSE
1	Zooloxía (A819)	Ecología e Biología Animal (C04)	VIGO

CAMPUS* (provisional): á espera da resolución da convocatoria de mobilidade (mes de xaneiro)

17 prazas:

5 prazas OEP 2021

12 prazas OEP 2022

Apróbase a proposta por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña o punto, que xa fora aprobado no último Claustro.

O Instituto de Agroecoloxía e Alimentación da Universidade de Vigo nace coa vocación de converterse nun centro de referencia na promoción a través da I+D+i da transición cara a sistemas agroalimentarios máis resilientes, sostibles, seguros e circulares.

Visión: ser un instituto de referencia na intersección da investigación entre a agricultura e a alimentación desde enfoques agroecolóxicos, promovendo un compromiso activo coa especialización científica intelixente a partir dunha aposta convencida pola colaboración e a xeración de impacto.

Misión: promover un contorno de investigación interdisciplinar e de excelencia con capacidade para ofrecer novo coñecemento e solucións que contribúan á transición cara a un sistema agroalimentario capaz de asegurar e de ofrecer unha alimentación saudable, segura e resiliente nun contexto marcado polos grandes cambios globais, incluído o cambio climático, preservando a biodiversidade e contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sostible.

1. Acadar maiores cotas de excelencia científica a través do desenvolvemento dunha axenda científica aliñada coas políticas e prioridades de I+D+i europeas, nacionais e rexionais.
2. Desenvolver, fixar e atraer talento.
3. Acadar un maior impacto da investigación realizada no marco galego.
4. Posicionar e visibilizar o instituto como un centro de referencia no eido da agroecoloxía e da alimentación.
5. Crear o Iberian Food Laboratory co Instituto Politécnico de Bragança (IPB).

Regulamento de creación e de xestión dos institutos de investigación da Uvigo. Algún dos seguintes méritos:

1. Contar cunha distinción académica ou investigadora excepcional como: un premio nacional de investigación, un doutoramento honoris causa, unha Starting, Consolidator ou Advanced Grant do ERC ou algún outro mérito que a comisión delegada do Consello de Goberno xustifique como equivalente aos anteriores.
2. Ser garantes segundo os criterios estatais establecidos para os centros de excelencia Severo Ochoa ou as unidades de excelencia María de Maeztu.
3. Cumprir os requisitos para alcanzar a cualificación B no apartado de investigación, segundo os criterios de acreditación á cátedra de universidades establecidos pola ANECA para o seu ámbito de coñecemento.

A maioría dos promotores do instituto posúen polo menos algún destes criterios. Escolléronse coma garantes unha persoa por grupo de investigación mais o director provisional do instituto.

Cita os garantes e promotores, así como os indicadores e estrutura de goberno, que figuran na documentación que se achegou.

Os eixos de actuación son:

- Eixo 1: Investigación
- Eixo 2: Talento e recursos humanos
- Eixo 3: Formación
- Eixo 4: Transferencia e innovación
- Eixo 5: Internacionalización
- Eixo 6: Posicionamento e visibilidade
- Eixo 7: Goberno, xestión e financiamento



Infraestruturas:

1. Planta piloto de industrias agroalimentarias (edificio Campus Auga).
2. Plataforma analítica completa integrada de espectrometría de masas (edificio Campus Auga-CACTI).
3. Laboratorio de valorización de residuos (invernadoiro).
4. Analizadores de Hg e especies órgano-mercuriais en matrices ambientais e alimentarias (edificio Campus Auga).
5. Equipamento de tomografía computarizada de raios X de gran formato TC-X e de alta resolución (edificio Campus Auga).
6. Instalación radioactiva de terceira categoría (edificio Campus Auga).
7. Fitotrón (Facultade de Bioloxía; invernadoiro).
8. Invernadoiro (campus de Ourense).
9. Parcelas experimentais (en colaboración co Inorde).

Fases na creación do instituto:

- Tres avaliacións externas moi favorables.
- Aprobación na Comisión de Investigación do 1/9/2022.
- Exposición pública: do 7 de setembro ao 7 de outubro do 2022.
- Recepción de dúas alegacións que se tiveron en consideración.
- Aprobación tras as alegacións na Comisión de Investigación do 13/10/2022.
- Aprobación no Claustro Universitario o 19/12/2022.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da prórroga da condición de investigadora honorífica da Universidade de Vigo de María Loureiro García.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña o punto e que lembra que esta figura non supón custo algún para a universidade.

Expón brevemente o currículo da investigadora, que foi recentemente nomeada membro da Academia Galega e é ademais Investigadora Opportunius. Lembra a normativa vixente na UVigo.

Apróbase por asentimento.

13. Nomeamento de dous membros do estudiantado para a Comisión de Mobilidade Internacional.

O reitor sinala que as persoas propostas para a súa designación son:

- a. Inara Domínguez Pinto.
- b. Beatriz Longa Alonso

Quedan nomeadas as persoas propostas.

14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas Comisións delegadas do Consello de Goberno:

Investigación: 1 estudante

Non se presentaron candidaturas

15. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

1 PAS

1 estudante do ámbito Campus do Mar

Non se presentaron candidaturas

16. Quenda de intervencións.

M^a Soledad García Fontán pregunta por un caso acontecido no seu departamento en relación co programa Investigo e a selección dos currículos realizada polo servizo da Xunta de Galicia. Quéixase do procedemento seguido, dado que lles foi imposible priorizar eses currículos. O proceso pechouse aínda que a convocatoria segue aberta. Pregunta por que non se lle enviaron mais currículos e por que non se seleccionan mellor. Polo menos, aportando a nota media do expediente. Cre que o procedemento non é o axeitado e pregunta por que non asume a UVigo a selección dos currículos. O reitor entende que existe unha falta de concordancia entre os obxectivos do programa e as necesidades da universidade. Belén Rubio indica que o programa está organizado polo Ministerio e a Xunta, e que non depende de nós, indicando certas características do programa, sobre o que non podemos incidir. Preguntouse se podíamos facer nós a convocatoria e non se tivo resposta.

María José Ríos alude ao papel do PAS no Plan Estratéxico e entende que debería afinarse. O reitor entende que se pode facer na comisión de seguimento.

Humberto Michinel comenta que levan mes e medio sen técnico de laboratorio na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Pregunta se sería posible ampliar a lista de espera que xa existía. Pide que, en todo caso, se acelere o proceso. O reitor toma e nota e indica que convén revisar as listas de agarda.

M^a Consuelo Pérez pregunta sobre o cobro dos complementos de xestión da Xunta de Galicia, que non aparecen aínda nas nóminas. O reitor comenta que vai a ir a este Consello Social e será entón cando comece a súa tramitación no Servizo de Retribucións, que está certamente cargado de traballo. Alfonso Lago aclara que se trata dos complementos de 2021 e explica a tramitación do procedemento pola universidade e que será levado ao Consello Social o día 28 de decembro. M^a Consuelo Pérez agradece a resposta e desexa felices festas a todos. O reitor comenta que estase a traballar coa Xunta sobre a xestión mais acaída de certo tipo de complementos.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 h. do día 21 de decembro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral